



# FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE DE VIGO

## BASES 2022

**PRIMEIRA.** Poderán optar á exhibición e participación en concurso as obras audiovisuais feitas en Galicia ou por galegos/as producidas nos anos 2020, 2021 e 2022 (e desde o 2018 no caso das curtametraxes infantís). Estas obras optan a ser seleccionadas para as seguintes seccións en competencia:

- Longametraxe galega (ficción, non-ficción ou animación). Duración maior de 30 minutos.
- Curtametraxe galega (ficción, non-ficción ou animación). Duración menor de 30 minutos.
- Curtametraxe infantil (ficción, non-ficción ou animación). Duración menor de 30 minutos.
- Videoclip galego.

**SEGUNDA.** Do mesmo xeito, poderán optar á participación en concurso as obras audiovisuais feitas en calquera dos países que forman parte da *Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP;* consultar países membros no Anexo I). É requisito para as obras lusófonas empregar como primeira lingua o portugués e estar subtituladas ao galego ou ao castelán.

As categorías son as seguintes:

- Longametraxe lusófona (ficción, documental ou animación). Duración maior de 30 minutos
- Curtametraxe lusófona (ficción, documental ou animación). Duración menor de 30 minutos

### TERCEIRA.

- A. Os materiais audiovisuais feitos en Galicia ou por galegos/as deberán estar dialogados en lingua galega ou castelá, ou ben estar subtitulados nunha destas linguas.
- B. Os materiais audiovisuais feitos nos países da CPLP (Anexo I) deberán estar subtitulados en lingua galega ou castelá.

**CUARTA.** Os audiovisuais presentados someteranse a unha preselección antes de ser aceptados e optarán a calquera das categorías a criterio do comité de selección.

**QUINTA.** Para que a obra sexa aceptada, requírese que todos os seguintes elementos sexan recibidos antes da data límite:



## FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE DE VIGO

1) Formulario electrónico de inscrición, dispoñible na páxina web do festival <http://primaveradocine.com> debidamente cuberto. (A organización enviará confirmación de recepción vía correo electrónico).

2) Obras presentadas a concurso. Deberán presentarse en formato electrónico mediante ligazón inserida no propio formulario de inscrición. Debe permitirse a descarga do ficheiro.

Deberase engadir:

- Un fotograma da obra.
- Breve biofilmografía do director/a ou produtor/a

No caso de que o comité de selección estime que a calidade de reprodución da imaxe e/ou do son do material presentado non acada uns estándares mínimos podería requirir o envío dunha nova copia de calidade superior ou deixar a obra fóra do proceso de selección.

Calquera material audiovisual preseleccionado para competición na que o/a postulante non sexa posuidor/a dos dereitos de autor/a ou exhibición debe achegar unha autorización por separado para que poida competir.

**SEXTA.** As datas para a presentación de obras candidatas son do 28 de marzo ata o 31 de maio de 2022 ás 23:59 CET.

**SÉTIMA.** A información contida no formulario de inscrición darase por fidedigna e será a base para confeccionar o catálogo e o programa de difusión do Festival.

**OITAVA.** O Festival Primavera do Cine resérvase o dereito de utilizar secuencias ou materiais promocionais das obras seleccionadas e emitilos ou reproducilos en televisión, Internet ou calquera outro medio para fins promocionais ou educativos. Os participantes conservan os dereitos de autoría das súas obras.

**NOVENA.** As obras recibidas quedarán no fondo videográfico do Festival. O Festival Primavera do Cine conserva o dereito de reproducir os filmes seleccionados, para a promoción do propio festival.

**DÉCIMA.** A inscrición é de balde.



## FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE DE VIGO

**DÉCIMO PRIMEIRA.** As curtametraxes seleccionadas recibirán 50 € en calidade de dereitos de exhibición. Pola súa banda, as longametraxes recibirán 200 €.

**DÉCIMO SEGUNDA.** Nesta décimo primeira edición o xurado deste Festival será **popular**, os asistentes serán os que decidan que obras serán as que leven os recoñecementos, e **profesional**, convidadas e convidados de recoñecido prestixio fallarán os filmes gañadores. Paralelamente, os patrocinadores poden dotar de mencións ou premios complementarios aos materiais exhibidos.

**DÉCIMO TERCEIRA.** As decisións do xurado serán inapelables. A participación no Festival supón a total aceptación do presente regulamento.

### ANEXO I

#### LISTAXE DE PAÍSES MEMBROS DA COMUNIDADE DOS PAÍSES DE LÍNGUA PORTUGUESA (CPLP)

Portugal, Brasil, Angola  
Mozambique, Cabo Verde  
Guinea Bisau, San Tomé e Príncipe,  
Timor Leste e Guinea Ecuatorial